

# DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

## Criterios de avaliación

Os contidos previstos concrétanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia. Aparecen detallados na programación didáctica do Departamento.

A competencia clave imprescindible para obter una cualificación positiva é a competencia lingüística (sen desbotar as outras competencias que xa foron avaliadas nas primeira e segunda avaliación) :

- Competencia matemática e competencia en tecnoloxía
- Competencia dixital
- Competencia social e cívica
- Aprender a aprender
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Sensibilidade e expresión cultural

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE XUÑO

O alumno que teña aprobadas a primeira e a segunda avaliación terá superada a materia na convocatoria ordinaria de xuño. Faráse a media entre as dúas notas. Os traballos e tarefas “on line” poderán sumar como máximo un punto á nota final.

O alumno que teña una avaliación suspensa (a primeira ou a segunda) e que facendo media entre ámbalas dúas notas acade un 5, terá a materia superada. Neste caso a nota máxima será un 5 e tamén poderá sumar un punto á nota final

gracias á entrega dos traballos e tarefas (sempre e cando amosen certo grao de corrección).

### VALORACIÓN DAS TAREFAS ON LINE DO TERCEIRO TRIMESTRE (ATA UN PUNTO)

- a) Non se terán en conta os traballos ou tarefas entregadas fóra de prazo (por estar xa colgadas as solucións das actividades na páxina web do centro).
- b) Non se terán en conta as tarefas que non foran requiridas.

O alumno que teña unha avaliación suspensa e que ,facendo a media entre as dúas notas, non acade o 5, terá a materia suspensa e deberá presentarse a un exame na convocatoria extraordinaria de setembro, en base os contidos mínimos establecidos para cada curso na programación didáctica. No caso de que non se poidera facer exames presenciais en setembro (por mor da situación adversa provocada pola pandemia), o alumno deberá remitir un traballo on line para tentar aprobar (que será remitido polo Departamento ó alumno unha vez estean publicadas as notas finais da avaliación ordinaria de xuño). Este traballo será enviado ó alumno e tamén poderá ser colgado na páxina web do instituto.

Seguindo as directrices primeiras das Autoridades Educativas, non serán avaliadas as actividades e tarefas realizadas polo alumnado neste período, salvo para mellorar a súa cualificación. Desta forma, a cualificación final respectará os procedementos e instrumentos de avaliación recollidos na Programación de referencia e referidos ó primeiro e segundo trimestres, mantendo a cualificación correspondente ós dous primeiros trimestres avaliados no seu momento en todo caso, ou aumentando a cualificación final nun punto se o alumno realiza a maior parte ou tódalas actividades con aproveitamento. O Departamento deixa constancia de non poder comprobar, para un gran número de actividades, que a realización das mesmas sexa realmente efectuada polo alumnado en base ós seus propios coñecementos e habilidades. O Departamento non comparte esta forma de realizar a avaliación, que adopta en resposta ás directrices formuladas polas Autoridades Educativas competentes. A cualificación final relativa ó presente curso académico sería, deste modo, a media entre o primeiro trimestre e o segundo trimestre incompleto, poidendo aumentar nun punto a devandita cualificación tal e como se vén de explicar.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE SETEMBRO

O alumno que se presente ó exame de setembro deberá acadar unha nota mínima de 5 para superar a materia. No caso de que non se poidera dar a posibilidade de exames presenciais, o alumno deberá presentar un traballo on line no que tamén deberá obter un 5 na avaliación extraordinaria para aprobar.

